

Novo libro de Lugrís e expo sobre o Cárcere, entre as actividades de Alvarellos na Feira da Coruña

Alvarellos Editora despregará un amplo programa de actos durante a celebración da Feira do Libro da Coruña que se celebra, nos Xardíns de Méndez Núñez, do día 1 ao 10 de agosto.

Entre as actividades previstas figuran a montaxe dunha exposición con singulares imaxes do antigo Cárcere, un recital poético de versos de Rafael Báñez, un roteiro pola Coruña dos anos 20 conducido polo arqueólogo Felipe-Senén ou a presentación do novo libro que recolle textos e ilustracións moi pouco coñecidos do poeta pintor Urbano Lugrís.

SANTIAGO, 27 DE XULLO DE 2017.- Alvarellos Editora participa, un ano máis, na Feira do Libro da Coruña, cunha caseta propia e un amplo programa de actividades que inclúen, á parte de presentación de libros ou firmas de autores, a montaxe dunha exposición fotográfica e a celebración dun roteiro pola Coruña dos anos 20. Esta empresa celebra, este verán, os seus corenta anos de existencia.

Durante toda a Feira poderase ver, na Carpa de Actividades, a **exposición fotográfica O CÁRCERE... EN 15 IMPACTOS. A ANTIGA PRISIÓN DA CORUÑA E OS VERSOS DE RAFAEL BÁÑEZ**. Singulares imaxes dos fotógrafos Víctor Echave e Madia Carballeira xunto con outras instantáneas obtidas dentro do histórico edificio por Carmen García-Rodeja e Quique Alvarellos. As fotografías acompañanse cos versos de avogado laboralista Rafael Báñez, do que este ano publicamos os seus *Poemas del diez de marzo*. O primeiro día da Feira, **martes 1, ás 19:45 horas** celebraremos, diante da exposición, un **Recital Poético**. Colaboran os colectivos: memoriadocarcere.com, Proxecto Cárcere e APRM.

O mércores 2, ás 18:00 horas, **Roteiro pola Coruña Anos 20**. Guiado polo arqueólogo e museólogo **Felipe-Senén** e inspirado nas vellas fotografías de Luciano Roisin "A Coruña Anos 20" editadas por nós en 2016. Citámonos na Carpa de Actividades da Feira. Duración aproximada: 75 minutos.

O luns, 7, de 18:00 a 19:30 horas, firma de María Xosé Lamas. Asinará exemplares do seu libro *Sonetos preposicionais*, 2º Premio de Poesía do Concello de Vilalba 2016. Caseta de Alvarellos Editora.

Martes, 8 ás 18:00 horas, presentación do libro de **Urbano Lugrís EL TESORO DE PUNTA HERMINIA Y OTROS TEXTOS SUMERGIDOS**. Haberá música e recital de textos do poeta pintor a cargo do grupo In Nave Civitas. Intervirán a responsable da edición, Olivia Rodríguez e o editor Henrique Alvarellos.



ACTOS FEIRA LIBRO
A CORUÑA 2017

alvarellos

O CÁRCERE... EN 15 IMPACTOS

A ANTIGA PRISIÓN
DA CORUÑA E OS VERSOS
DE RAFAEL BAREZ

EXPOSICIÓN FOTOGRAFICA (1-10 AGOSTO)
INAUGURACIÓN E RECITAL POÉTICO:
1 agosto-19:45 h
Feira do Libro da Coruña
Xardíns de Méndez Núñez.

Con colaboración de:
Comunidade Galega de Profesións Libreras e Asociación
Galega de Ocupación e a Memoria Histórica (AGOMH)

librarias Galicia alvarellos

PRESENTAMOS NA FEIRA DO LIBRO
DA CORUÑA OS TEXTOS E DEBUXOS
SOMERXIDOS DE **URBANO LUGRIS**

DÍA 8 DE AGOSTO AS 18 HORAS NOS XARDÍNS DE MÉNDEZ NUÑEZ

URBANO LUGRIS
EL TESORO DE PUNTA
HERMINIA
Y OTROS TEXTOS
SOMERXIDOS

D e C 49

FIRMA
NA FEIRA
DO LIBRO
DA
CORUÑA

maría xosé lamas
sonetos
preposicionais

DÍA 7 agosto
HORA 18 a 19:30 h
LUGAR Caseta de
Alvarellos Editora

alvarellos

ALVARELLOS
EDITORIA
NA FEIRA
DO LIBRO
DA CORUÑA
2017

GUIADO POLO ARQUEÓLOGO E MUSEÓLOGO FELIPE-SENÉN → MÉRCORES 2 DE AGOSTO ÁS 18 HORAS → FEIRA DO LIBRO DA CORUÑA

ROTEIRO POR CORUÑA

ANOS 20

SEGUINDO AS FOTOGRAFÍAS DE LUCIANO ROISIN

SAÍDA DESDE CARPA DE ACTIVIDADES DA FEIRA DO LIBRO
DA CORUÑA (XARDÍNS DE MÉNDEZ NUÑEZ)
(DURACIÓN APROX. 75 MINUTOS).

COLECCIÓN DE 12 POSTAIS
DE GRAN FORMATO DE LUCIANO ROISIN
ALVARELLOS EDITORA. 2016
VÉNDENSE NA FEIRA NA CASETA DE ALVARELLOS

alvarellos librarias Galicia

Contacto Editorial: prensa@alvarellos.info 981 522 137



Sempre en Galiza, 4 | 15706 Santiago de Compostela | 981 522 137 | correo@alvarellos.info